

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 11 DE SETEMBRO DE 2015

LICENZAS

FAVORABLES

LIC/1133/2014.- JOSE MANUEL CALVO BARREIRO.- Conceder licenza para realizar obras para reforma de baixo comercial para uso bar na Rúa do Cardeal Payá, 8.

LIC/1479/2014.- JOSE CASTRO FACAL.- Conceder licenza de obras de rehabilitación da edificación sita na Rúa San Pedro, 15 e Rúa do Medio, 59.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de reforma de baixo comercial para uso bar na Rúa do Cardeal Payá, 8. (LIC/1133/2014).

(Ver listado previo LICENZAS: FAVORABLES)

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de rehabilitación da edificación sita na rúa San Pedro, 15 e Rúa do Medio, 59. (LIC/1479/2014).

(Ver listado previo LICENZAS: FAVORABLES)

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade relativa ao Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e os Concellos de Santiago de Compostela e Teo para a coordinación dos servizos de transporte público con orixe ou destino na urbanización de Os Tilos.

Apróbase o texto do devandito convenio, polo que se habilita o transporte urbano de Santiago a estender os seus servizos á urbanización dos Tilos, posibilitando tráfico interurbanos coa mesma, tanto de entrada como de saída da cidade. Actualmente, o servizo préstase a través das liñas 6 e 12.

5.- Proposta da alcaldía relativa á solicitude de subvención para cofinanciar actuacións da Administración electrónica e de cidadáns en rede, durante o período de intervención 2007-2013.

Acórdase solicitar unha subvención ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para o cofinanciamento das devanditas actuacións. A subvención supón o 80% do gasto xustificado, sen que isto implique custo algún para o Concello.

6.- Proposta da alcaldía relativa á designación dos representantes da Corporación municipal que formarán parte da Mesa xeral de negociación no ámbito do Concello de Santiago.

Apróbase a devandita designación, actuando o alcalde como presidente e formando parte da Mesa o resto de concelleiros do Goberno municipal.

7.- Proposta da concelleira delegada de Mocidade, Deporte e Benestar Animal relativa á aportación correspondente ao convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Fundación Refuxio de animais para o ano 2015.

Dáse conta da sinatura do convenio e da achega do Concello ao mesmo, en concepto de subvención, de 135.621 euros.

8.- Aprobación de texto de convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Itínara para o ano 2015.

Apróbase o devandito convenio, polo que o Concello achega 2.000 euros.

9.- Aprobación de texto de convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Cociña Económica de Santiago para o ano 2015.

Apróbase o devandito convenio, polo que o Concello achega 60.000 euros.

10.- Aprobación de texto de convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Cruz Roja Española para o ano 2015.

Apróbase o devandito convenio, polo que o Concello achega 22.000 euros.

11.- Aprobación de texto de convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Federación de Asociacións de Familiares e Enfermos Mentais de Galicia FEAFES para o ano 2015.

Apróbase o devandito convenio, polo que o Concello achega 10.000 euros.

12.- Amortización de quilómetros do contrato "Subministro de varios vehículos e o seu mantemento, mediante arrendamento (RENTING), para o Concello de Santiago" Lote II adxudicado a MONFORTE, S.L.

Acórdase requirir á devandita empresa adxudicataria o abono de 1.821,65 euros polos quilómetros non consumidos durante o primeiro ano de arrendamento respecto dos quilómetros/ano estimados para cada vehículo.

13.- Amortización de quilómetros do contrato "Subministro de varios vehículos e o seu mantemento, mediante arrendamento (RENTING), para o Concello de Santiago" Lote I e Lote III adxudicado a NOYAMOVIL S.L.

Acórdase requirir á devandita empresa adxudicataria o abono de 1.129,68 euros polos quilómetros non consumidos durante o primeiro ano de arrendamento respecto dos quilómetros/ano estimados para cada vehículo.

14.- Adquisición de catro vehículos monovolume e un todo terreo para a Policía Local mediante renting con opción de compra.

Acórdase deixar deserta a licitación, xa que todas as ofertas presentadas superaban a cantidade máxima prevista como tipo de licitación, ao ser, en cada unha delas, a cantidade a aboar como opción de compra, unha cantidade a maiores sobre o importe máximo ofertado. Procédese igualmente a anular as retencións de crédito efectuadas con motivo desta licitación.

15.- Rectificación de erro detectado no acordo nº 119 da Xunta de Goberno de data 14.08.2015.

Rectifícase un erro material no importe dunha certificación relativa á obra do Centro Cívico do Romão.